30. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2021/00004407Y.

Aprobación da resolución definitiva da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de santiago de compostela. ano 2021. (bop nº 52 de 18-03-2021).

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONCESIÓN de:

- 26 solicitudes por importe de 350 euros cada unha.
- 2 solicitudes por importe de 250 euros cada unha
- 1 solicitude por importe de 150 euros.

O importe total das axudas concedidas a 29 persoas solicitantes, ascende a **9.750 euros**.
SEGUNDO.- Que en cumprimento do previsto nas bases da presente Convocatoria, dito acordo pon fin á vía administrativa e publicárase no taboleiro de edictos do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais e Saúde e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal) para os efectos de reclamacións e **concederáse un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que consideren convenientes**.

A dita publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Que o crédito comprometido para a anualidade é de 15.000 €, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100.

CUARTO.- Que as persoas ás que se lle concede estas axudas reúnen os requisitos previstos na BASE 3 para ser beneficiarias das mesmas e presentaron a documentación prevista na BASE 4 da Convocatoria, que obra no expediente.

QUINTO.- Que todas as solicitudes resoltas favorablemente cumpren co previsto no art. 22.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social).

31. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00021669S.

Aprobación da concesión da transferencia corrente á Fundación Granell 2021.

Dáse conta da sinatura do convenio coa Fundación Eugenio Granell, e acórdase proceder aos pagos parciais correspondentes ao período xa transcorrido de 2021, polo importe proporcional ao total anual previsto de **155.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33300 4890200.

32. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00023541R.

Aprobación convenio Concello de Santiago-Fundación Rosalía de Castro. Anualidade 2021.

Acórdase proceder á aprobación do texto do convenio e a transferencia corrente á Fundación Rosalía de Castro, por importe de **5.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201.

33. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00019726G.

Aprobación convenio Concello de Santiago-Patronato Casa da Troia. Anualidade 2021.

Acórdase proceder á aprobación do texto do convenio e a transferencia corrente ao Padroado da Casa da Troia, por importe de **5.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201.

34. COMERCIO. Referencia: 2021/00030866N.

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación das bases reguladoras das axudas á realización de actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2021.

Segundo.- Aprobación do gasto por importe de **75.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Terceiro.- Publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións.

35. COMERCIO. Referencia: 2021/00027167Q.

Aprobación do gasto da convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola crise da covid-19, anualidade 2021.

Apróbase o gasto, no eido da convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola crise da Covid-19, anualidade 2021, por importe de 1.904.000 euros financiados como segue:

- 500.000 euros con cargo ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para o desenvolvemento do proxecto “Eixos 2 e 4 do Plan de reactivación económica do Concello de Santiago” no marco do Plan de Emprego Local, na aplicación orzamentaria 010 43100 4790102, do orzamento municipal 2021, PROXECTO DE GASTO 2021 3 COMER 54.
- 1.404.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4790101 do orzamento municipal 2021

36. DEPORTES. Referencia: 2021/00024871C.

Cesión provisional do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II a favor da Sociedade Deportiva Compostela durante a tempada 2021/22.

Acordase autorizar provisionalmente o uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II á Sociedade Deportiva Compostela, así como, o resto de peticións que se recollen no seu escrito, todas elas condicionadas á aplicación das normas sectorias que sexan de aplicación e aos criterios de uso específicos que se determinen polo Departamento de Deportes, para que poida iniciar a actividade deportiva e de competición do seu equipo de 2ª categoría RFEF, ampliándose excepcionalmente ao equipo xuvenil división de honra.

A cesión definitiva de uso destes recintos para a tempada 2021/22, quedará supeditada á existencia dun posterior acordo no que regule o custo e demais consideracións que procedan en base ao que se determine a nivel municipal e, tendo en conta o complexo deportivo na súa globalidade.

Desde o primeiro momento de acceso ás instalacións a SD Compostela terá que cumprir as seguintes cuestións básicas:

1. Facerse cargo de calquera desperfecto que se produza nos recintos deportivos cedidos provisionalmente, debendo ser subsanados na maior brevidade de tempo posible. Ao efecto, deberá ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil, en contía suficiente, que cubra calquera eventualidade ou incidente que se produza nas instalacións ou a terceiras persoas como consecuencia da organización das súas actividades, debendo estar adaptada á normativa legal vixente. Esta póliza deberá estar actualizada ao período obxecto de autorización, nos termos exisidos no artigo 8 e na disposición transitoria terceira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Certificado desta póliza foi remitido por rexistro electrónico de data 29 de xuño, número 202103052 xunto co recibo bancario de estar vixente. O Concello de Santiago poderá solicitar, de forma xustificada, a súa modificación e/ou ampliación nos termos que considere oportunos durante a presente tempada.

2. Como organizador dos seus encontros, deberá de adoptar as medidas de seguridade, regulación de aforo e control necesarias para poder atender coas máximas garantías os incidentes e/ou accidentes que se poidan producir durante a celebración das súas actividades, quedando obrigado a cumprir coa normas e disposicións legais vixentes que procedan e, con calquera outra indicación que se lle traslade por esta administración local.

No que respecta ao servizo de cafetería/restauración a prestar, con carácter puntual e en exclusiva, durante a organización dos seus partidos dentro do Estadio (oficias e amigables), a entidade garantizará o cumprimento das normativas sectoriais de aplicación, asumindo calquera tipo responsabilidade que se derive ao efecto.

3. A dispoñer dun servizo de limpeza durante a celebración dos seus partidos oficiais e amigables para atender as bancadas destinadas ao público e mentras dure a situación excepcional provocada pola pandemia.

4. Asumir a aplicación e cumprimento do Plan de Autoprotección do Estadio Multiusos Verónica Boquete de San Lázaro, para que o deberá nomear un Director do Plan ante emerxencias, así como, dispoñer da relación de persoal que se determine no manual da súa implantación. Se por calquera circunstancia non fora posible aplicar no arranque da presente tempada este PAU, deberá aplicar o Plan de Autoprotección contratado pola entidade para tempada 2020/21 ao entender que se manteñen as mesmas condicións e tipo de uso.

5. Por último, vista a situación excepcional de carácter sanitario que se está manter como consecuencia da enfermidade provocada pola COVID-19, será obrigatorio que antes de iniciar os seus adestramentos e competicións teñan presentado un protocolo de actuación para o desenvolvemento das súas actividades, que deberá cumprir escrupulosamente coas normas e instrucción sanitarias así como, co protocolo federativo que estea en vigor. O protocolo da entidade deberá ser presentado con antelación suficiente, debendo estar asinado por un servizo de prevención ou, no seu defecto, polo responsable da entidade.

O citado protocolo deberá considerar tanto a dinámica propiamente deportiva do equipo de 2ª categoría RFEF (adestramentos, probas físicas, ...) así como, a organización dos partidos de competición dentro do Estadio coa posible asistencia de público, aforos máximos, dinámica de acceso ao recinto, medidas preventivas dentro do recinto (distancia social,..) e calquera outra que sexa de obrigado cumprimento ao longo da duración desta cesión de uso provisional.

37. EMPREGO. Referencia: 2021700033967P.

Aprobación das bases para a selección do alumnado traballador/a e persoal director e docente do programa de EMPREGO “SANTIAGO SUSTENTABLE III”.

Apróbanse as BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DIRECTIVO, E DOCENTE PARA O PROGRAMA DE EMPREGO “SANTIAGO SUSTENTABLE III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SNGX, DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Segundo as consideración da proposta, en Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, de 18 de xuño de 2021, concedese ó Concello de Santiago subvención por importe de 369.492,32 €, para a realización do proxecto “SANTIAGO SUSTENTABLE III”, con cargo aos orzamentos da Consellería de Emprego e Igualdade, para 16 alumnos/as traballores/as, distribuídos nas seguintes especialidades formativas:

DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍA WEB (IFCD0210) E DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS AUDIOVISUAIS MULTIMEDIA INTERACTIVOS (16 alumnos/as).

Para a realización da actuación:

1.- Desenvolvemento dun asistente virtual e chat intelixente para facilitar o acceso á información existente na web corporativa e a utilización da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Análise, deseño e construción dunha app no ámbito das árbores e bosques de Compostela en realidade virtual e aumentada.

38. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020318K.

Recursos potestativos de reposición presentados por dous solicitantes de venda ambulante de tempada (recordos) e de artesanía

Acórdase estimar os recursos potestativos de reposición interpostos por estes vendedores, contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, na sesión do 28 de xuño de 2021, declarando a inexistencia de incompatibilidade para ser titular dunha autorización de venda ambulante de tempada (recordos) e de artesanía.

39. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020335S.

Resolución Recurso potestativo de reposición presentado por por dous solicitantes de venda ambulante de tempada (recordos) e de artesanía

Acórdase estimar os recursos potestativos de reposición interpostos por ámbolos dous solicitantes contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, na sesión do 28 de xuño de 2021, declarando a inexistencia de incompatibilidade para ser titular dunha autorización de venda ambulante de temporada (recordos) e de artesanía.

40. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00008795R.

Dar conta da sinatura do Convenio Concello de Santiago-Editorial Hugin e Munín para a publicación do III Premio Realía de tradución literaria. Ano 2021.

Dase conta da sinatura do convenio con Alejandro Francisco Tovar Salazar (responsable do nome comercial Editorial Hugin e Munín) para a publicación do III Premio Realía de tradución literaria. Ano 2021.

41. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00004364D.

Dar conta da concesión da subvención da Xunta de Galicia para a execución do proxecto de "REHABILITACIÓN DE FIRME NA VÍA DE EDISON.

Dase conta da concesión da subvención, por 96.000 euros, que representa o 80% do investimento subvencionable que ascende a 120,000 euros. A actuación consistirá, fundamentalmente na demolición do pavimento existente e a posterior reposición da capa de rodaxe. O prazo de execución é de 2 meses.

42. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0044.

Dar conta do veredicto do Xurado do XIV Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados.

Dase conta á Xunta de Goberno Local do veredicto do xurado do XIV Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados, que nesta edición recaeu na obra "Selva" de Marina Gibert Oliva, de Girona, que reside actualmente en Lisboa.

43. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00032955P.

Dación de conta de sentenza recaída no PO 334/2018 CA1.

Dase conta da sentenza nº 218/2021

Demandante: Inmobiliaria Paxonal SL

Obxecto: liquidacións de ICIO e taxas urbanísticas. Contía 95.586,40 euros.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

A demandante viña de impugnar as citadas liquidacións, derivadas dun procedemento de inspección tributaria, ao abeiro de diferentes argumentos formais e de fondo.

Analizando o primeiro destes, o Xulgado estima a demanda xa que, como se deduce do expediente de inspección, as obras finalizaron o 15.04.2013 e aquel foi iniciado o 24.10.2017, logo de máis de 4 anos.

No procedemento de inspección o Servizo de Tesourería viña de rexeitar esta alegación porque non obstante a data de remate das obras, o 19.03.2015 a XGL aprobou o proxecto modificado da licenza orixinaria, do 29.01.2007; e o 30.03.2015 outorgou a licenza de primeira ocupación. Polo que entendía que o dies a quo non era o 15.04.2013 senón o 19.03.2015.

Tómase coñecemento da sentenza, e acórdase ordenar a non interposición de recurso de apelación e dar traslado ao Servizo de Tesourería para a súa execución

44. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00030235W.

Dación de conta da sentenza núm. 197/2021 recaída no PO 432/2018 CA1.

Dase conta da sentenza nº 197/2021

Obxecto: desistencia da solicitude de licenza LIC/792/2017.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

A demandante viña de solicitar licenza para reforma e cubrición da escaleira de acceso, e pintado da fachada do inmovible. Nun primeiro momento, o Servizo de licenzas emite informe favorable, ao considerar a arquitecta municipal que a actuación proxectada era de escasa

entidade construtiva e técnica; aínda que consideraba preceptiva a cesión dos terreos fora das aliñacións do PXOM, ao tratarse dunha ampliación porque a estrutura non é desmontable. A demandante presenta alegacións a tal cesión, que resultan desestimadas, coa conseguinte declaración de resistencia da solicitude presentada.

O argumento xudicial da demandante é que, ao abeiro do disposto na Lei 2/2016 de Solo de Galicia, o seu Regulamento de desenvolvemento, e a Lei de ordenación da edificación, non se trata de obras de ampliación, parcelación, edificación ou rehabilitación integral, que son os supostos nos que se esixe a cesión.

A sentenza estima a demanda con base no:

a. Exposto pola arquitecta municipal, que non permite cualificar a actuación como volume edificado.

b. Artigo 2.2.a LOE, para o que este tipo de actuación non encaixa na definición de edificación. Xa que logo, a cesión non é esixible, polo que se anula a declaración de desistencia.

Tómase coñecemento da sentenza e acórdase ordenar a non interposición de recurso de apelación e dar traslado ao Servizo de Licenzas para a súa execución.

45. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00031913R.

Dación de conta da sentenza núm. 259/2021 recaída no concurso abreviado 24/2021 do Xulgado Mercantil nº1 da Coruña.

Dase conta da resolución da sentenza 259/2021 do Xulgado Mercantil nº 1 da Coruña

Demandante: Concello de Santiago

Demandado: Administración Concursal

Obxecto: Impugnación da lista de acredores por falta de inclusión dos créditos concursales do Concello correspondentes ao IVTM 2021, por importe de 438,30 euros.

A sentenza estima integramente a demanda dado que a Administración Concursal achantou coa demanda recoñecendo que a falta de inclusión dos créditos tributarios municipais debíase a un erro administrativo.

Tómase coñecemento da sentenza e acórdase remitila ao departamento de Tesourería para os efectos procedentes.

46. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00033567E.

Dación de conta de sentenza recaída no AP 15003/2020 TSX PO 84/2019 CA2.

Dase conta da sentenza nº 322/2021

Demandante/apelado: Orange Espagne SA

Obxecto: taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local por empresas subministradoras de servizos de telefonía fixa; e cuantificación da mesma.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A sentenza de instancia viña de estimar o recurso da demandante con base nas STS do 10 e 15.10.2012, baseadas á súa vez na STJUE do 12.07.2012 que, aplicando o artigo 13 da Directiva 2002/20/CE, entendía contraria á mesma un canon polos dereitos de instalación en propiedades públicas ou privadas, ou por riba ou por debaixo delas, ás empresas non propietarias dos recursos senón meras operadores, que os utilizan para prestar servizos de telefonía móbil, estendendo dito criterio aos servizos de telefonía fixa.

Aínda que o Concello tiña manifestado ante o Xulgado a existencia dun auto do TS, elevando cuestión prejudicial ao TJUE, sobre dita "extensión", o Xulgado ditou sentenza estimatoria; o que de facto supoñía ademais unha cuestión de ilegalidade contra a propia ordenanza municipal. Interposto o recurso de apelación, a Sala do TSX si resolveu a suspensión do procedemento.

A cuestión é resolta polo TJUE no asunto C-764/2018, trasladándose as súas consideracións á STS 26.04.2021 que, en síntese, ven a dicir o seguinte:

1. A taxa municipal non está incluída no canon vetado polo artigo 13 da Directiva.

2. A taxa é esixible non só ás empresas titulares da instalación, senón tamén ás que as exploten.

3. Os artigos 12 e 13 da Directiva non se opoñen ao método establecido pola Lei de facendas locais para determinar a contía da taxa.

Tómase coñecemento da sentenza e acórdase remitila ao servizo de Tesourería para o seu coñecemento e trámites preceptivos

47. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00033822R.

Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Danse conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 9 a 15 de xullo de 2021.

URXENCIAS

48. Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a diferentes períodos entre o 10 de marzo e o 08 de xuño de 2021. Convalidacion s/2021/109.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL DOUSCENTOS CINCO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (2.205,29 €), segundo relación contable de facturas S/2021/109 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/2775 por importe de 944,65 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. e remata pola núm. F/2021/2822 por importe de 1.260,64 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

49. Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Sistemas de Seguridade A-1, S.L. en concepto de servizos de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2021. Convalidacion omision funcion interventora s/2021/113.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL SEISCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (6.679,69 €), segundo relación contable de facturas que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/1862 por importe de 179,23 euros, e remata pola número F/2021/2876 por importe de 732,46 euros.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

50. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. 2021/00024663L

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, por unha contía de **9.000,00 €**.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4890001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das

bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

51. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. 2021/00024649M

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, por unha contía de **10.000,00 €**.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800008, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

52. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. 2021/00024621T

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, por unha contía de **11.000,00 €**.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4890002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

53. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL. 2021/00026687L

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL, por unha contía de **5.000,00 €**.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

54. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COA ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA, SARELA. 2021/00022656J.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA, SARELA, por unha contía de **3.000,00 €**

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800005, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

55. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA (PROGRAMA ATENCIÓN A PERSOAS SEN FOGAR). 2021/00021144L.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade CRUZ ROJA ESPAÑOLA, (programa de Atención a Persoas sen Fogar) por unha contía de **85.000,00 €**,

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800015, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

56. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PROGRAMA VAGALUME). 2021/00021684F.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela a entidade CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PROGRAMA VAGALUME), por unha contía de **30.000,00 €**.

Segundo.- Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigos 31,32, 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

57. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CO CENTRO CULTURAL SOCIAL JUAN XXIII DE SANTIAGO PARA O ANO 2021. 2021/00019245Y.

Acórdase:

Primeira: A aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade CENTRO CULTURAL SOCIAL XOAN XXIII, por unha contía de **60.000,00 €**

Segunda: Aprobar a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800013, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (Bases 31^a, 32^a, 33^a e Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).